

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 29/09/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 29/09/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 22 de setembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

MARIA BERMÚDEZ OUTÓN

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/3710

Dáse conta da solicitude de creación de paso peóns en Rúa Pedrido Morla, realizada desde a dirección do CEIP O Piñeiriño , mediante a que comunican a demanda do ANPA para abrir o acceso ao colexio polo portalón que existe fronte á travesía da citada rúa, solicitan a creación dun paso de peóns neste punto. Polo que informan que os pasos de peóns situados fronte aos accesos de colexios entrañan un grave risco para os peóns, xa que debido á acumulación de persoas fronte aos portalóns do colexio, non se aprecia nin por condutores, nin polos axentes que regulan nestes puntos, a intención de cruzar dos escolares cando se xeran estas acumulacións de persoas nas entradas e saídas dos colexios. Véndose incrementado neste caso xa que o paso de peóns quedaría no medio dun cruzamento. Despois da reordenación do tráfico nesta rúa quedando a circulación única con sentido de Alfredo Brañas a Pavillón e despois da localización de contedores na marxe esquerda da vía xusto despois da intersección da travesía, quedando desta maneira cortado o paso pola estreita beirarrúa que existía neste punto. Polo cal crease un paso de peóns nas proximidades deste acceso cun mínimo de seguridade, uns dez metros antes da intersección, coa correspondente elevación e preseñalización do mesmo.

Dáse conta de que xa está sinalizado o paso de peóns 10 metros antes da intersección.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3722

Dáse conta de informe de intervención policial na Rúa Camilo José Cela, realizada o día 18 de setembro de 2025, ás 12:17 horas, na que se comprobou a existencia de vehículos mal estacionados impedindo a manobra de autobuses, polo que se realizaron varias denuncias con multamovil.

Recomendan a resinalización da zona.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se produza á resinalización da zona á maior brevidade.
Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3737

Dáse conta do escrito presentado por Alcoholicos Rehabilitados Arousa - G36484616, solicitando autorización para instalar unha carpa de información no cruce da Rúa Xeneral Pardiñas con Castelao, o día 4 de outubro de 2025, en horario de 10:00 a 13:00 horas.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3741

O concello de Vilagarcía de Arousa dispón de varias dependencias e edificios municipais, os cales, para poder servir aos seu cometido de servizo público, deben ser conservadas en perfecto estado, tanto os propios edificios como todas as súas instalacións e elementos.
Co obxectivo de poder garantir que o edificio do Concello de Vilagarcía de Arousa (Casa Consistorial) reúne as condicións necesarias para acoller a todas as persoas que acoden a ela cada día, faise necesario asegurar o correcto funcionamento da climatización do edificio durante todo o ano.

Dende o servizo de alumeado público formúlase a necesidade de realizar os servizos de mantemento da climatización do edificio do Concello (Casa Consistorial) polo período de 1 ano, comprendido entre 2025 e 2026. Este contrato debe incluír, así mesmo, a realización de catro asistencias anuais de mantemento preventivo: 1 asistencia en 2025 e 3 asistencias no ano 2026.
Tendo isto en conta,e vista a proposta do Servizo de Alumeado, a Xunta de Goberno Local acorda:
1.- Adxudicar o contrato menor de servizos denominado “Prestación de servizos de mantemento da climatización do edificio do Concello (Casa Consistorial)” á mercantil Calefaccións Paulino, S.L. (NIF B36275279), por importe de 2.380,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 499,80€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 2.879,80 €; con cargo á aplicación orzamentaria 920-213 e cun prazo de execución de 12 meses (1 ano), que inclúe catro intervencións de mantemento preventivo, unha no exercicio 2025 e tres no exercicio 2026, segundo os termos recollidos no orzamento que serve de base para este acordo. O importe total terá a seguinte distribución por anualidades:

CÁLCULO ANUALIDADES CONTRATO PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE MANTEMENTO DA CLIMATIZACIÓN DO EDIFICIO DO CONCELLO (CASA CONSISTORIAL)					
CONTRATO	PRAZO EXECUCIÓN	PREZO TOTAL (IVE INC.)	COSTE MENSUAL	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026

Prestación de servizos de mantemento da climatización do edificio do Concello (Casa Consistorial)	12 MESES	2.879,80€	239,98€	719,95 €	2.159,85 €
---	----------	-----------	---------	----------	------------

2.-Determinar que o prezo establecido no orzamento inicial terá carácter fixo e invariable durante toda a vixencia do contrato, non admitíndose modificacións nin revisións derivadas do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) nin de ningunha outra causa, condición que terá carácter esencial do contrato.

3.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria para os efectos oportunos.

PRP2025/3742

O concello de Vilagarcía de Arousa dispón de varias dependencias e edificios municipais, os cales, para poder servir aos seu cometido de servizo público, deben ser conservadas en perfecto estado, tanto os propios edificios como todas as súas instalacións e elementos.

Co obxectivo de poder garantir que a Biblioteca Municipal reúne as condicións necesarias para acoller a todas as persoas que acoden a ela cada día, faise necesario asegurar o correcto funcionamento da climatización do edificio durante todo o ano.

Dende o servizo de alumeado público fórmulase a necesidade de realizar os servizos de mantemento da climatización da Biblioteca Municipal polo período de 1 ano, comprendido entre 2025 e 2026. Este contrato debe incluír, así mesmo, a realización de catro asistencias anuais de mantemento preventivo: 1 asistencia en 2025 e 3 asistencias no ano 2026.

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de servizos denominado “Prestación de servizos de mantemento da climatización da Biblioteca Municipal” á mercantil Calefaccións Paulino, S.L. (NIF B36275279), por importe de 1.900,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 399,00€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 2.299,00 €; con cargo á aplicación orzamentaria 3321-213 e cun prazo de execución de 12 meses (1 ano), que inclúe catro intervencións de mantemento preventivo, unha no exercicio 2025 e tres no exercicio 2026, segundo os termos recollidos no orzamento que serve de base para este acordo. O importe total terá a seguinte distribución por anualidades:

CÁLCULO ANUALIDADES CONTRATO PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE MANTEMENTO DA CLIMATIZACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL					
CONTRATO	PAZO EXECUCIÓN	PREZO TOTAL (IVE INC.)	COSTE MENSUAL	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026
Prestación de servizos de mantemento da climatización da Biblioteca Municipal	12 MESES	2.299,00€	191,58€	574,75€	1.724,25€

2.- Determinar que o prezo establecido no orzamento inicial terá carácter fixo e invariable durante toda a vixencia do contrato, non admitíndose modificacións nin revisións derivadas do Índice de Prezos ao Consumo (IPC) nin de ningunha outra causa, condición que terá carácter esencial do contrato.

3.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria para os efectos oportunos.

PRP2025/3745

Dáse conta do escrito presentado por Pirotecnia López SL comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para os días 3, 4 e 5 de outubro de 2025, con motivo da celebración da Festa de San Miguel 2025 na Parroquia de Cea.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3746

Dáse conta do escrito presentado por Ricardo Resúa SL comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para o día 29 de setembro de 2025, con motivo da celebración da Festa de San Miguel 2025 na Parroquia de Trabanca Badiña.

Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3753

Dáse conta do escrito presentado por Dona Nuria González Bernardez, expoñendo que no lugar de Pereiro, Parroquia de Solobeira, non teñen fibra óptica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitude á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/3749

Vista a proposta dos Servizos Sociais a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga da 2ª liquidación de 2025 (en réxime de cofinanciamento do centros de día xestionado a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguinte importe:

Centro de Día de Vilagarcía de Arousa (16 prazas): 20.000,00€, con cargo á partida 231.22611. PROXECTO PLAN CONCERTADO 2025/3/CCRTE/1/1: CENTRO DE DIA

EMPREGO

PRP2025/3733

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por OBRADOIRO XURIDICO A XESTION SOCIEDAD CIVIL PROFESIONAL NIF. J94180411 con domicilio Calle MENDEZ NUÑEZ Nº: 8 Lt: Esc: Pt:, infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta):

CRITERIO	PUNTOS
Contrato traballador menor de 30 anos	2
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa Empresa entre 3 e 10 anos de antigüidade ou entre 10 e 50 traballadores	2
T O T A L PUNTOS	5
SUBVENCIÓN ACADADA	3.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención solicitada por OBRADOIRO XURIDICO A XESTION SOCIEDAD CIVIL PROFESIONAL NIF. J94180411, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente

axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL)

PRP2025/3734

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por EUREKA GLOBAL SL NIF. B36458685 con domicilio en Pasaxe PEDROSO 67 1, 36618 Bamio-Vilagarcía de Arousa infórmase que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base Quinta) :

POLA CONTRATACIÓN DE LUIS ENRIQUE FERNÁNDEZ MELÉNDEZ:

CRITERIO	PUNTOS
Contrato traballador menor de 30 anos	2
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa entre 10 e 50 traballadores	1
T O T A L PUNTOS	4
SUBVENCIÓN ACADADA	3.000,00 €

POLA CONTRATACIÓN DE XAVIER GAREA CASQUEIRO:

CRITERIO	PUNTOS
Contrato traballador persoa menor de 30 anos	2
Centro de traballo en Vilagarcía de Arousa	1
Empresa entre 10 e 50 traballadores	1
T O T A L PUNTOS	4
SUBVENCIÓN ACADADA	3.000,00 €

TOTAL AXUDA A CONCEDER: 6.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase acreditado que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención solicitada por EUREKA GLOBAL SL NIF. B36458685, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

PRP2025/3735

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2025, presentada por TITA GOMEZ GONZALEZ, NIF: 35598524K, e domicilio en Calle FONTECARMOA Nº: 1 6 Pt: E - VILAGARCIA DE AROUSA CP: 36611 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) - España, mail: eac@admasesores.com, infórmase

- Que a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas Municipais á creación de Empresas 2025

- Que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta en forma e prazo a documentación xustificativa, e, por tanto procede a concesión da axuda solicitada e, consecuentemente,

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión da subvención e o recoñecemento e obriga e aboamento a TITA GOMEZ GONZALEZ, NIF: 35598524K, da cantidade de DOUS MIL DOUSCENTOS CATORCE EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS 2214,72 €

con cargo á aplicación orzamentaria 241-470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención no lugar no que estea situado. O cartel estará a disposición do interesado na sede electrónica do Concello, (pestana do catálogo de procedementos- 50-DESENVOLVEMENTO LOCAL).

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/3712

Unha vez aprobadas as bases dos “Premios anuais ós/ás mellores lector@s/usuario@s” do servizo de préstamo a domicilio da sección infantil e xuvenil da Rede Municipal de Bibliotecas do Concello (Biblioteca Pública Municipal e Axencias de Lectura de Bamio, Carril e Vilaxoán), dáse conta á Xunta de Goberno Local da relación de usuarios galardoados.

Con tal motivo celebrárase na Biblioteca Municipal un acto de entrega dos premios, o día 24 de outubro ás 17:00 da tarde, co gallo do "Día das Bibliotecas".

Os premios, ó igual que en anos anteriores, consistirán nun lote de libros, adaptados ás distintas idades dos rapaces premiados, e dun diploma acreditativo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a relación de usuarios galardoados.

PRP2025/3748

As publicacións periódicas constitúen un dos materiais bibliográficos máis consultados nas bibliotecas públicas. A Axencia de Lectura de Vilaxoán ofrece na actualidade a posibilidade de consultar un periódico nas súas dependencias: A Voz de Galicia.

Faise necesaria a renovación da subscrición para continuar dando un servizo adecuado ós usuarios da Axencia de Lectura.

Vista a proposta do Director da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación da subscrición do periodico La Voz de Galicia, para a Axencia de Lectura de Vilaxoán, para o período 18/06/2025 ata 18/06/2026, por importe de 461,00 euros (LA VOZ DE GALICIA, S.A. – CIF: A15000649), con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/3730

Dentro das actuacións que se recollen no Convenio interadministrativo entre a Consellería de Medio Rural e a entidade local de Vilagarcía de Arousa para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-26, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027 están os labores de vixilancia e defensa. Para executar esta actuación o Concello ten que contratar ao persoal integrante da brigada de extinción.

Procedeuse á selección dos membros da brigada e, a pesar de que nun principio se optaba por unha brigada de cinco membros, unicamente superaron as probas selectivas catro persoas.

A cláusula oitava do devandito convenio establece que “cada brigada que se forme estará

composta por:

1. unha persoa coa categoría de xefe de brigada ...
2. tres ou catro persoas coa categoría peón de brigada, segundo se constituía unha brigada de 5 ou 4 compoñentes...”

Así mesmo a cláusula décimo cuarta parágrafo 2 in fine dispón que:

“O importe máximo da axuda será de 21 000,00 €/ano para as brigadas constituídas con 5 compoñentes e de 16.800,00 €/ano para as brigadas de 4 compoñentes, podendo ser minorado segundo o establecido na cláusula vixésima, punto 1 b) e na décimo quinta, punto 3.b)iii.”

Por todo o anterior, o financiamento económico da Consellería de Medio Rural reducirase segundo o seguinte cadro:

ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA INCEDIOS FORESTAIS		
TIPO DE ACTUACIÓN	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2025 con 5 MEMBROS	IMPORTE MÁXIMO DE AXUDA ANO 2025 con 4 MEMBROS
LABORES DE VIXILANCIA E DEFENSA	21.000 €	16.800 €

Por isto dáse conta á Xunta de Goberno Local da redución do importe máximo da axuda no proxecto extinción de incendios para a anualidade 2025 de 21.000 euros a 16.800 euros por terse constituído unha brigada de catro membros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se lle dea traslado ao Departamento de Intervención para que, de ser o caso, se proceda a súa anotación contable.

PRP2025/3739

O día 24/07/2025 publicáronse no BOPPO as bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuación preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Na súa base 5.1 establécese que “as entidades beneficiarias terán como prazo máximo para executar as actuacións subvencionadas e para realizar e pagar o gasto realizado o 15 de outubro de 2025.

O prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa da subvención será o 20 de outubro de 2025.”

O día 03/09/2025 as Comunidades de montes de Cea, Fontecarmoa, Loenzo, Trabanca Sardiñeira, Guillán, Trabanca Badiña, Rubiáns e Cornazo solicitaron en cadanseu escrito a ampliación do prazo para a realización dos traballos e para a xustificación da axuda.

Durante moitos días do mes de agosto o índice diario de incendio forestal (IRDI) foi moi elevado ou extremo o que implicou a limitación do uso de maquinaria en zonas de influencia forestal, polo que os traballos obxecto destas axudas tiveron que adiarse.

Tento isto en conta, considérase necesario ampliar o prazo que recolle as mencionadas bases para a realización dos traballos e presentación da documentación xustificativa ata o día 31 de outubro de 2025.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a ampliación do prazo de execución dos traballos e da xustificación das axudas a proxectos de actuación preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios ata o 31 de outubro do 2025 e a conseguinte modificación da base 5.1 que quedaría redactada nos seguintes termos “as entidades beneficiarias terán de prazo para executar as actuacións subvencionadas, para realizar e pagar o gasto e para presentar a documentación xustificativa ata o 31 de outubro de 2025”.

PRP2025/3750

O día 11 de agosto de 2025 a CMMVVMC N 3000 Bamio presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a documentación presentada non está completa ou esta recolle algún erro polo que se require á CMMVVMC N 3000 Bamio para que proceda á súa emenda. O día 9 de setembro de 2025 a Comunidade presenta un escrito de emenda coa documentación requirida. Así no expediente figura solicitude de axuda acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1 da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na superficie de actuación 1 roza mecanizada con rozadoira de cadeas ou similar nunha superficie de 0,73 ha.
- Na superficie de actuación 2 roza manual selectiva baixo arboredo e retirada de restos para a súa eliminación nunha superficie de 0,91 ha.
- Na superficie de actuación 3 roza mecanizada con rozadoira de cadeas ou similar nunha superficie de 0,64 ha e roza anual selectiva baixo arboredo e retirada de restos para a súa eliminación nunha superficie de 0,17 ha.
- Na superficie de actuación 4 roza mecanizada na marxe de camiños mediante rozadoira de brazo acoplada a tractor en 6,72 km
- Cartel publicitario.

As catro primeiras actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

O cartel publicitario é obrigatorio colocalo segundo a base 6, mais non está incluída como actuación subvencionable segundo a base 1.4

A solicitude de axuda é de 7.000,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC individualmente, sen que estea integrada en ningunha Mancomunidade de MVMC, un máximo de 7.000 euros.

Tendo en conta o regulado nesta base a cantidade máxima que se lle podería subvencionar á CMMVVMC de Bamio serían 7.000 €, que é o que a Comunidade solicita, posto que non xustifica a súa pertenza a ningunha Mancomunidade de montes.

A desagregación do orzamento en función das actuacións solicitadas sería a seguinte:

ud	Superficie de actuación	Descrición	Custo (€/ha)	Medición (ud)	Custo total (€)
Ha	1 e 3	Roza mecanizada con rozadoira de cadeas ou similar	400	1,37	548,00
Ha	2 e 3	Roza manual selectiva baixo arboredo e retirada de restos	1000	1,08	1080
km	4	Roza mecanizada en marxe de camiños	830	6,72	5577,6
TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL					7.205,60 €

Considerando que as actuacións solicitadas de roza mecanizada e manual que ascenden a 7.205,60 € están incluídas dentro das actuacións subvencionables abranguidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de 7.000,00 € (cantidade máxima para as CMVMC que non pertencen a ningunha Mancomunidade, como é este caso), con cargo á

partida 1720.489, á CMMVVMC N 3000 Bamio con CIF V 36116168 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

TURISMO

PRP2025/3736

A Axencia de Turismo de Galicia publicou a Resolución do 2 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

A mesma axencia publicara, o 13 de xuño de 2014, Resolución do 6 de xuño de 2014 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de xuño de 2014 polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira da Guarda, a Festa da Ameixa de Carril de Vilagarcía de Arousa e o Oenach Atlántico de Narón.

A Xunta de Goberno Local de data 30/06/25 acordara;

- Aprobar a solicitude dunha subvención de 4.000 €, ao abeiro da Resolución do 2 de maio de 2025, para a compra de ameixa e de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado por esta convocatoria ata o importe total de execución prevista. O orzamento total ascende a 4.000 €.

- Aceptar a contribución de ABANCA, por 1.500 €

A Axencia de Turismo de Galicia dictou resolución de data 12/08/25, que se achega, na que se concede a este concello a subvención que fora solicitada.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aceptar a subvención que lle foi concedida ao Concello para a celebración da Festa da Ameixa de Carril 2025, por importe de 4.000,
- Aceptar a contribución de ABANCA de 1.500 €
- Solicitar á Intervención Municipal a incoación do correspondente expediente de xeración de crédito, na partida 432.22610, por importe de 5.500 €.

PRP2025/3793

O Concello de Vilagarcía xa tiña deseñado o trazado das rurais de sendeirismo e do trail running que pretendía crear no monte Xiabre.

A través dunha subvención xestionada pola Mancomunidade do Salnés, a empresa Troquiña, S.L. executou os traballos necesarios para o arranxo e sinalización desas rutas e trail.

Agora o que se pretende é gravar os tracks deses recorridos, en arquivos GPX, para que logo calquera persoa os poida descargar no seu teléfono móbil ou gps e poda facer o percorrido desas rutas sen medo a equivocarse no seu trazado, coñecer a distancia de cada unha delas, os acumulados de subidas e baixadas e outra información que resulta moi interesante para a planificación da actividade. Neses arquivos tamén se indicarán varios puntos de interese (waypoints) en cada unha das rutas.

Tamén na conta do Concello na aplicación Wikiloc se exporán esas rutas para que logo calquera persoa poida descargar o arquivo gpx correspondente.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por TROQUIÑA, S.L., con CIF B36268217, por un importe que ascende a 2.384,43 (IVE engadido), con cargo á partida 432.22799 para elaboración dos trackings e waypoints, en formato GPX, dos roteiros de sendeirismo e trail running:

- Sendeiro panorámico do Xiabre

- Sendeiro canteira de As Laxes - Xiabre - Fontefría
- Sendeiro canteira de As Laxes - Encoro do Con - Fontefría e variante.
- Trail CxM Xiabre.

Os traballos divídense en:

*Traballo de campo: xeoreferenciación dos roteiros (trackings) e os puntos de interese (waypoints) con gps.

*Traballo de gabinete: xeración dos arquivos GPX tracking (roteiro) e waitpoint (puntos de interese) e incorporación destes á aplicación Wikiloc. No usuario do concello xéranse os 4 roteiros cos datos obtidos de campo e descargables polos usuarios,

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2025/3738

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto e polo tanto, adxudicar o contrato menor para a ubicación dun Punto Lila seguro contra as agresións machistas durante a Festa da Auga 2022, a noite do 15 ao 16 de agosto de 2025, por un importe total de 1.899,50 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Orzamento de APAIOGA -G36455863, polo servizo de información, sensibilización, coordinación e atención Punto Lila, por importe de 1.572,80 € (IVE exento), con cargo á partida 2312.22799.
- Orzamento de BAYGAR SL polo aluguer de caseta e transporte, por importe de 326,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.203

